



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Juan José Rodríguez Grandal, Marcial García Freijeiro, Manuel Domínguez Álvarez, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4216.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 23 DE FEBREIRO DE 2016, NÚM. 527.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do contido da acta anterior do 23 de febreiro de 2016, numero 527 e non formulándose observación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu numero legal de membros.

4217.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "4205.- INTERVENCIÓN-URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACION NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR D. MANUEL AROSA MUÑIZ EXP. 444/15 POR OBRAS VIVENDA EN CARREIRO DAS VEIGAS 13 EN COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Tesourería e Intervención e notificouse ao interesado; 4206.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DOS DATOS REFERENTES AO CUARTO TRIMESTRE 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4207.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención; 4208.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención; 4209.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2016 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención; 4210.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2015.- Uniuse certificación do acordo

ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención; 4211.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención; 4212.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención; 4213.- URBANISMO, EXP. 109/15, PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE RIOMOURO PEQUENO APROBACIÓN PROVISIONAL.-Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de urbanismo; 4214.- MOCIÓN CONSENSUADA DOS TRES GRUPOS MUNICIPAIS DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral de Igualdade); 4215.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DA “ESTRATEGIA 20/20” A PROL DO EMPADROAMENTO E O AUMENTO DE POBOACIÓN ATA ACADAR A CONSIDERACIÓN DE “CONCELLO DE 1ª CATEGORÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado para o seu tratamento da Comisión Informativa de Facenda, Gober nación e Contas.”.

A corporación dáse por enterada.

4218.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaría xeral dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A corporación dáse por enterada.

4219.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 5/2016.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gober nación e Contas na súa sesión realizada con data 21 de marzo de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Providencia e Proposta da Alcaldía de data 17 de marzo de 2016 e do informe da Intervención Municipal de data 17 de marzo de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que se trata do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 5 pola existencia dunha serie de facturas correspondentes ao anterior exercicio 2015 as cales non foron presentadas no Concello ata a segunda quincena do mes de febreiro e ata o mes de marzo de 2016, aínda que pertencen a subministrados e servizos prestados no exercicio 2015, ascendendo a 19.392,02 € existindo crédito suficiente nas aplicacións correspondentes.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 19.392,02€ que conforman a relación de facturas nº 23 obrante no expediente e 2º) Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 19.392,02€ que conforman a relación de facturas nº 23 obrante no expediente.

Segundo.- Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

4220.- INTERVENCIÓN, SEGUNDA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS

NOMINATIVAS.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 21 de marzo de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Concelleira Delegada de Deportes e Festexos, de data 8 de marzo de 2016, do informe da Intervención Municipal de data 8 de marzo de 2016 e da Proposta da Alcaldía de data 8 de marzo de 2016 que, textualmente, di o seguinte:“ PROPÓN: Modificar o anexo de subvencións nominativas aprobado xunto co Orzamento do presente exercicio 2016 co fin de:

Primeiro: incluír unha subvención nominativa a nome de Jessica Blanco López, en concepto de sufragar gastos derivados da actividade deportiva de taekwondo da que é campiona galega, por importe de 250€.

Segundo: incluír unha subvención nominativa a nome de Unai Silva Pazos, en concepto de sufragar gastos derivados da actividade deportiva de taekwondo da que é campión de España na categoría cadete, por importe de 250€.

Terceiro: proceder aos trámites de publicidade previstos para a aprobación do Orzamento nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.”

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a inclusión dunha subvención nominativa a nome de Jessica Blanco López, en concepto de sufragar gastos derivados da actividade deportiva de taekwondo da que é campiona galega, por importe de 250€.

Segundo: Aprobar a inclusión dunha subvención nominativa a nome de Unai Silva Pazos, en concepto de sufragar gastos derivados da actividade deportiva de taekwondo da que é campión de España na categoría cadete, por importe de 250€.

Terceiro: Proceder aos trámites de publicidade previstos para a aprobación do Orzamento nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

4221.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE PLANS ORZAMENTARIOS 2017-2019.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 21 de marzo de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente e do Decreto da Alcaldía de data 25 de febreiro de 2016 en relación á obriga de remisión de información sobre os Plans Orzamentarios solicitada a todos os Concellos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en virtude do disposto no artigo 6º da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, a cal debe foi remitida o día 25 de febreiro de 2016 a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais con data límite 14 de marzo e en virtude da competencia atribuída polo artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL en materia de confección de Orzamentos.

A Comisión dáse por enterada.”

A Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4222.- INTERVENCIÓN, PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE POIO EXERCICIOS 2016–2017.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 21 de marzo de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, do Plan Económico-financeiro de data 26 de febreiro de 2016, do informe de Intervención Municipal de data 1 de marzo de 2016 e da Proposta da Alcaldía de data 26 de marzo de 2016, que textualmente di o seguinte:” Visto o informe emitido pola Intervención municipal o día 5 de febreiro de avaliación do cumprimento da regra de gasto en relación a liquidación

do Orzamento do exercicio 2015, no cal se establece, visto o resultado de incumprimento do límite da regra de gasto, a obriga de elaboración dun Plan económico- financeiro.

Visto o Plan económico-financieiro que se acompaña a mencionada proposta, considerando que dito plan é conforme ao determinado nos artigos 19,20 e 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, así como tamén ao disposto no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, na parte que é de aplicación ás entidades locais,

PROPOÑO, previo informe de Intervención, ao Pleno da Corporación:

Primeiro: adoptar un acordo de non dispoñibilidade de crédito como medida correctora do Plan Económico-financieiro a aprobar, por importe de 51.066,81€.

Segundo o exposto na base de execución do Orzamento nº19ª, a declaración de non dispoñibilidade de crédito é competencia exclusiva e indelegable do Pleno da Corporación procedéndose, unha vez acorda a non dispoñibilidade, a inmovilizar o crédito da/s aplicación/s orzamentaria/s correspondentes, declarándoos non susceptibles de non utilización.

O acordo de non dispoñibilidade se propón se adopte nas seguintes aplicacións e polos seguintes importes, correspondentes o crédito de dúas prazas vacantes de persoal funcionario que se estima non serán obxecto de cobertura no presente exercicio:

920.12004 “Administración Xeral. Retribucións básicas grupo C2”: 20.023,30€

920.12100 “Administración Xeral. Complemento destino”: 8.482,32€

920.12101 “Administración Xeral. Complemento específico”: 9.890,48€

920.16000 “Administración Xeral. Seguridade Social”: 12.670,71€

TOTAL: 51.066,81€

Segundo: Aprobar o Plan económico-financieiro do Concello de Poio nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira (Dirección Xeral de Política financeira e Tesouro da Xunta de Galicia) así como o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais para a remisión dos PEFEL.

Cuarto: Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación ésta que será só a efectos informativos.”

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Antes de proceder á votación do asunto toma a palabra o Concelleiro, Sr. Barreiro Lubián quen explica aos asistentes que unha vez que se procedeu á liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2015 determínase polos servizos económicos do concello o incumprimento da regra do gasto o que obriga a este concello á aprobación dun plan económico financeiro. Inhabilitouse o crédito correspondente de dúas prazas de persoal vacantes.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e sete abstencións aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a non dispoñibilidade de crédito como medida correctora do Plan Económico-financieiro a aprobar, por importe de 51.066,81€ nas aplicacións e polos seguintes importes, correspondentes ao crédito de dúas prazas vacantes de persoal funcionario que se estima non serán obxecto de cobertura no presente exercicio:

920.12004 “Administración Xeral. Retribucións básicas grupo C2”: 20.023,30€

920.12100 “Administración Xeral. Complemento destino”: 8.482,32€

920.12101 “Administración Xeral. Complemento específico”: 9.890,48€

920.16000 “Administración Xeral. Seguridade Social”: 12.670,71€

TOTAL: 51.066,81€

Segundo: Aprobar o Plan económico-financieiro do Concello de Poio nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira (Dirección Xeral de Política financeira e Tesouro da Xunta de Galicia) así como o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais para a remisión dos PEFEL.

Cuarto: Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación ésta que será só a efectos informativos.

4223.- PATRIMONIO, CONTRATO ARRENDAMENTO LOCAL SITO EN AVDA. SEARA, 29 (LOCAL TELEFÓNICA).- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 21 de marzo de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do contrato de arrendamento urbano distinto a uso de vivenda que consta de 21 cláusulas mediante o cal o Concello de Poio cede en arrendamento a Telefónica de España S.A.U., o local sito na planta baixa, dereita entrando, rotulada co numero 29 na Avda. Seara.

O Sr. Barreiro Lubián presenta novamente á comisión o expediente relativo ao arrendamento do local sito en Avda Seara núm. 29 a Telefónica de España SA, incorporados os informes dos Servizos Técnicos, Secretaría e Intervención.

Igualmente informa que, con relación ao contrato anterior do ano 2011, ten poucas modificacións: o prezo do arrendamento pasa de 4.440€ anuais a 6.000€ anuais; terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2016 e unha duración de 5 anos podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes do seu vencemento, por anualidades, ata un máximo de 10 anos, incluíndo contrato e prórrogas e nova redacción da cláusula sétima sobre “Cesión, Subarrendo e Traspaso” en aplicación do Real Decreto 2296/2004 de 10 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso a redes e numeración.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación ao expediente para o arrendamento a Telefónica de España, SAU do local sito na avda. Seara, 29 baixo segundo o modelo de contrato que se une ao expediente e que consta de 21 cláusulas por un prazo de 5 anos, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes, antes do seu vencemento por anualidades ata un máximo de 10 anos.

Segundo: Requirir ao arrendatario para que no prazo de 10 días hábiles contados desde a recepción do presente acordo proceda á constitución da fianza na forma establecida na cláusula décimo cuarta e proceder a formalización do contrato.

Terceiro: Comunicar o presente acordo a Telefónica España, SAU con indicación de que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por pór fin á vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da

recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.


4224- ALCALDÍA, DESENVOLVEMENTO DA IDENTIDADE CORPORATIVA DO CONCELLO DE POIO E O SEU MANUAL DE USO.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deportes na súa sesión realizada con data 9 de marzo de 2016 e que di o seguinte: “2- Proposta da alcaldía de desenvolvemento da identidade corporativa institucional do Concello de Poio e o seu manual de uso.- A Presidenta cede a palabra a concelleira Lidia Salgueiro Piñeiro que se encarga de explicar a proposta da alcaldía: “Luciano Sobral Fernández, con DNI 35250235 K, actuando en calidade de alcalde do Concello de Poio con CIF P3604100B, cargo que tomou en posesión na sesión constitutiva do Pleno deste Concello, realizada o día 13 de xuño de 2015, propón para o seu posterior tratamento polo Pleno da Corporación Municipal, a aprobación pola Comisión de Cultura da seguinte proposta: DESENVOLVEMENTO DA IDENTIDADE CORPORATIVA INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE POIO E O SEU MANUAL DE USO.

Antecedentes:

Na actualidade, a imaxe constitúe un aspecto importante e está presente en todas as áreas da vida, tanto así que, nas empresas é parte primordial da súa estrutura e desempeño, e o é moito máis para as institucións, xa que forma parte das súas ferramentas de traballo.

O Concello de Poio posúe un importante patrimonio tradicional de signos e símbolos que expresan a súa identidade. Aínda tendo un informe heráldico oficial da Real Academia da Historia (Boletín da Real Academia da Historia. Tomo CLXXII, número III, ano 1975), non posúe o Concello un manual de identidade corporativa, que defina a súa imaxe institucional, así como os criterios de xestión e uso, o que leva a que durante anos tanto o escudo oficial como as marcas que xorden na contorna se veñan utilizando de xeito incorrecto e arbitrario.

Presentamos unha pequena mostra, primeiro dos escudos utilizados na actualidade, e segundo dos malos usos da identidade do Concello:



Organiza: concello de Poio
Concellaría de Mocidade-OMIX
Información e inscricións: 986 872 401

CONCELLO DE POIO
 Concellería de Urbanismo e Promoción económica



Concellaría de Poio



Concello Poio



Excmo.
Concello
de Poio



CONCELLERÍA DE FESTEXOS
CONCELLERÍA DE CULTURA
CONCELLO DE POIO

Praza Maritim, 1 (PRINCIPAL)
 Correo e: cultura@concellopoio.gal
 TEL. 98677001 FAX. 986771277



Organiza:
CONSELLO MUNICIPAL DE
CULTURA
CONCELLO DE POIO

Colabora :
CONCELLO DE POIO
 Concellería de Promoción Económica
 986 77 00 01 extensión 260

venres 24 de xullo, 20 h.
Salón de Plenos
Concello de Poio



Ademais desta razón, a **unificación da imaxe**, para o que é obrigado o desenvolvemento da mesma e a creación dun manual de usos, o noso concello debe verse como un ente “vivo”, que do *mesmo xeito que unha persoa*, debe renovarse para adaptarse aos tempos que corren, con pequenas adaptacións pero

mantendo sempre a súa personalidade e a esencia que o diferencie, como é o caso da **nosa heráldica municipal con esta proposta.**

Son varios os motivos que xustifican este cambio:

- A renovación da imaxe dun concello é un aspecto fundamental para mellorar a súa reputación, por iso a maior parte das cidades tratan hoxe en día de contar cunha marca clara.
- Posuír un logotipo apropiado (marca) e un escudo que manteña a aparencia de sempre, pero con aspecto renovado, pode darlle notoriedade ao lugar, atraendo así tanto a turistas como a empresas e traballadores.
- Unha boa identidade para o Concello pode ser a mellor explicación da personalidade que Poio quere transmitir ao exterior.
- Actualmente valórase / inspira máis confianza unha versión simplificada dos escudos que os deseños que tradicionalmente se viñan utilizando.
- A creación dunha marca coa simplificación do escudo oficial, para determinados usos, suporía un importante aforro económico ao desenvolver versións a unha soa tinta e a dúas tintas, evitando a cuatricomía que se vén utilizando ata o de agora.

O proxecto iniciouse fai uns meses, ao comezo dos traballos da renovación da páxina Web do Concello, xa que non se atopou unanimidade nin existía unha liña visual gráfica de identidade para aplicar, e considerouse necesario un estudo para unificar o uso interno da imaxe do concello como difusión da Institución ante o público.

O seguinte paso é un estudo histórico-heráldico baseado en feitos históricos ou xeográficos característicos do territorio, conforme as normas de heráldica. Ditos símbolos e signos serán respectados non desenvolvemento da identidade corporativa.

A identidade corporativa institucional do Concello de Poio e o seu manual definirán, por primeira vez, o escudo do Concello, distinguindo entre uso solemne e protocolario e uso administrativo e social (MARCA).

O manual recolle tamén as identidades das diferentes concellerías, así como as convivencias con departamentos, servizos... Proporcionará información, normas detalladas e instrucións de uso para reproducir os elementos da identidade corporativa tanto en documentos oficiais como noutros escritos de carácter non oficial e en medios de difusión máis recentes, como internet.

DESENVOLVEMENTO DA IDENTIDADE CORPORATIVA INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE POIO E O SEU MANUAL DE USO

1. Marca institucional

1.1. Símbolos oficiais

1.1.1. Escudo oficial

1.1.2. Símbolo escudo

1.2. Marca institucional xenérica

1.2.1. Elementos básicos

1.2.2. Formatos xenéricos

1.2.3. Formatos áreas

1.3. Marca institucional especial

1.3.1. Elementos básicos

1.3.2. Formatos

1.4. Tipografías corporativas

1.5. Cores corporativas

1.6. Versións cromáticas da marca

1.6.1. Marca xenérica. Versións en positivo

1.6.2. Marca xenérica. Versións en negativo

1.6.3. Marca xenérica. Versións non permitidas

1.6.4. Marca encapsulada. Versións en positivo

- 1.6.5. Marca encapsulada. Versións en negativo
- 1.6.6. Marca encapsulada. Versións non permitidas
- 1.7. Espazo de reserva
- 1.8. Tamaño mínimo
- 1.9. Construcións gráficas
- 1.10. Usos incorrectos da marca
- 2. Marca de promoción.
 - 2.1. Elementos básicos da marca
 - 2.1.1. Logotipo
 - 2.1.2. Slogan
 - 2.1.3. A marca de promoción.
 - 2.2. Tipografías corporativas
 - 2.3. Cores corporativas
 - 2.4. Versións cromáticas da marca
 - 2.4.1. Versións en positivo
 - 2.4.2. Versións en negativo
 - 2.4.3. Versións non permitidas
 - 2.5. Espazo de reserva
 - 2.6. Tamaño mínimo
 - 2.7. Construción gráfica
 - 2.8. Usos incorrectos da marca

Poio, 03 de marzo de 2016.”

A concelleira Lidia Salgueiro explica aos asistentes que é pretensión neste traballo contar co uso da tipografía Isaac Sans, e intentarase por tal motivo, a inclusión dos traballos que sexan posibles nunha subvención de dinamización do galego para optimización dos custos.

Segundo a tramitación oficial requirida neste tipo de expedientes, informase que é preciso informe heráldico previo, do que a concelleira indica que se está a consultar competencias. Si este informe se obtivera antes da proposta da sesión plenaria se convocaría a Xunta de Portavoces para mostrarlle as propostas, en caso contrario elevarase **ao Pleno para solicitar a elaboración das correspondentes propostas á Comisión Heráldica da Xunta de Galicia.**

Sométese a votación a aprobación a proposta da Alcaldía de **desenvolvemento da identidade corporativa institucional do Concello de Poio e o seu manual de uso, coas puntualizacións sinaladas por Lidia Salgueiro para o seu tratamento polo Pleno da Corporación,** o que é aprobado por unanimidade dos asistentes: 3 votos a favor do PP, 1 do PSOE, 3 do BNG.”

Toma a palabra a secretaria do concello para dar conta do informe emitido e achegado ao expediente con data 29 de marzo de 2016.

A continuación a Concelleira Delegada de Educación, a Sra. Salgueiro Piñeiro, coa finalidade de aclarar aos asistentes os termos da votación explica aos asistentes o sentido do ditame en orde a cursor solicitude de informe heráldico da Xunta de Galicia.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 17 votos a favor sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Para os efectos do desenvolvemento da identidade corporativa institucional do Concello de Poio, solicitar proposta á Comisión Heráldica de Galicia nos termos do Decreto 19/2012, de 11 de febreiro, segundo do ditame da comisión Informativa de Cultura transcrito no presente acordo.

Segundo: Dar traslado á Alcaldía do presente acordo para a realización dos trámites oportunos.

4225.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A IMPLANTACIÓN DA “ESTRATEGIA 20/20” A PROL DO EMPADROAMENTO E O AUMENTO

DE POBOACIÓN ATA ACADAR A CONSIDERACIÓN DE “CONCELLO DE 1ª CATEGORÍA”.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 21 de marzo de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Popular, presentada no Rexistro Xeral deste Concello o día 24 de febreiro de 2016 e que, tras unha ampla exposición de motivos, propón a adopción dos seguintes acordos: “ 1. Estudar e implantar un plan (Estratexia 20/20) dirixido a acadar o obxectivo de 20.000 censados no ano 2020, que constará de un mínimo de dúas etapas: a. Primeira etapa: Concienciación (2016-2017): i. Campañas informativas e de concienciación directa aos veciños que actualmente residen en Poio pero están censados noutros concellos. ii. Reunións con asociacións de veciños e outros actores sociais do Concello de Poio. Segundo as nosas proxeccións, nesta etapa o Concello podería gañar arredor de 1.000 veciños. b. Segunda Etapa: Implementación (2018-2019): i. Baixada da presión fiscal (redución do tipo de IVTM). ii. Subvencións en materia cultural e deportiva, bolsas para o transporte escolar do ensino non obrigatorio e outras axudas de disposición municipal. Esta segunda etapa, unida ao crecemento orgánico resultante da anterior podería deixar o obxectivo de “Concello de 1ª Categoría” ao alcance inmediato. c. Terceira Etapa (se procede) “Empurrón” final (2020) para acadar os 20.000 habitantes no último ano da Estratexia. 2. Adoptar as medidas tendentes a implantar esta estratexia.”

A Comisión por 3 votos a favor do PP, ningún voto en contra e 5 abstencións do BNG e PSOE (para estudio ata o Pleno) acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián que presenta aos asistentes unha emenda asinada polos representantes do Grupo Municipal do BNG e do PSOE ao texto da moción presentada polo Grupo Municipal do PP e que di o seguinte: “EXPOSICION DE MOTIVOS

O concello de Poio e un dos poucos concellos galegos que escapa da desfeita demográfica que nos últimos anos padece Galicia. A cercanía a Pontevedra, a mellora das comunicacións, a prestación de servizos de calidade, son entre outros, feitos que condicionan a evolución demográfica en Poio.

A demografía e o asentamento de poboación nun territorio ten moito que ver coas condicións de vida e aínda que a calidade dos servizos, as comunicacións e o entorno sexa inmellorable, o primeiro que condiciona e que fixa a poboación e a posibilidade de acceder a un emprego, a un medio de vida.

A crise demográfica galega está directamente relacionada coas políticas económica e de austeridade levadas a cabo polo PP. Este e un feito que ninguén nega e que as estadísticas da poboación que emigra contrastan.

Neste senso, a mellor das campañas que en Poio se podía facer para incrementar a súa poboación é a de xerar emprego en Poio.

En Poio dánse as condicións para xerar emprego e polo tanto poboación vinculada ao noso termo municipal. O Polígono industrial de Fragamoreira tiña previsto a creación de 700 postos de traballo directos. 700 familias que poderían vincularse a Poio. Sen embargo os intereses do PP frearon este proxecto e a día de hoxe mantense paralizado.

En calquera caso, na Moción que presenta o PP fala dunha “posibilidade real” de acadar 20,000 habitantes en Poio en 4 anos. Tendo en conta que nos últimos 14 anos o crecemento da poboación en Poio é de 175 habitantes por ano, nun dos períodos de maior crecemento, no pode dicirse que é real acadar crecementos de poboación de 500 habitantes ano.

Tendo en conta que da exposición realizada na Moción non se desprende ningunha estratexia para acadar este obxectivo, presentase a seguinte emenda:

- 1.- Eliminar da moción o obxectivo de acadar 20.000 habitantes en 2020 por ser irreal.
- 2.- Solicitar do PP que se especifiquen con claridade as estratexias básicas para acadar un incremento de poboación en Poio.”.

O crecemento que se propón na moción do PP cremos que non é real.

A obriga de empadroarse pode crear conflito aos veciños, non nos parece a mellor maneira.

O noso punto forte, para o crecemento é a cercanía con Pontevedra así como a realización dunha serie de investimentos de mellora das comunicacións que facilitaron o crecemento, facéndonos un

Concello atractivo. Cando máis incrementou o Padrón de Habitantes foi nestes últimos catorce anos que supuxo un incremento de 2448 habitantes unha media de 175 por ano.

Desde o noso punto de vista, e tendo en conta a situación de crise, a mellor fórmula para incrementar a poboación é a creación de emprego a través do Polígono Industrial de Fragamoreira planificado desde o Plan Xeral do ano 2000 e que neste momento está trabado pola Xunta de Galicia. Sería un bo sistema acabar co desemprego por iso, queremos que vostedes van a loitar pola reactivación do polígono.

Os tipos de política do Partido Popular e de axuste económica propician que a poboación busque oportunidades noutros lugares e favorecen a emigración.

Si que consideramos bo para Poio o incremento da poboación, pero hai que ver e manexar datos reais como pode ser as vivendas que se venden neste momento, o padrón de lixo, a situación das familias que si pode haber familias numerosas pero podemos afirmar que a maioría son familias de 1 ou dous membros, tamén na zona de Combarro e Raxó hai moitas vivendas de segunda residencia....

As campañas de concienciación non funcionan, un exemplo pode ser a de Santiago de Compostela, que foi moi agresiva pero non se obtiveron os resultados esperados.

A Sra. Besada Lores di que o Grupo Socialista entende que o obxectivo “2020” pode ser un titular chamativo pero entendemos que é un reto imposible para o ano 2020, xa que cando nos mellores anos do urbanismo para o noso concello supuxo un incremento de 500 habitantes con unha media de 175 habitantes por ano.

As políticas do PP de creación de emprego é distinto a calidade de vida porque as condicións non son as mellores xa que rebaixan os salarios e supón un retroceso de 50 anos xa que propician a emigración.

De todos os xeitos, pensamos que o Partido Popular a parte de dar titulares debería de dar propostas para conseguir ese obxectivo e non limitarse ao que se expón na moción, por iso non a imos apoiar.

O Sr. Moldes Martínez di que das explicacións dadas polo bipartito pódese chegar a conclusión que hai máis vivendas baleiras que persoas empadroadas, por iso pensamos que se debería de informar a eses titulares dos beneficios que terían ao residir no noso Concello. Entendemos que os veciños demanden servizos e que eses veciños residen en Poio, pero tamén se da o caso que eses veciños que reclaman servizos non están empadroados.

Nos temos claro que se poden facer cousas e estamos a favor da información non da obrigación. Presentamos a moción non como unha estratexia política senón como unha medida boa para todos,

O Sr. Agís Gómez manifesta que si que é certo que hai concellos que impulsan iniciativas para lograr o cambio de categoría, pero cunha gran diferenza con nos xa que a eses cambios prodúcense por ter unha porcentaxe moi pequena para conseguir un número de habitantes, pero nós estamos moi lonxe do obxectivo, a un 15%.

Si que é certo que hai veciños que demandan servizos sen estar empadroados pero estes servizos non teñen vinculación co padrón municipal, trátase de servizos obrigatorios ao ter unha vivenda, as que puideron ser adquiridas por investimento nun momento de especulación ou por ser considerada como unha segunda vivenda.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese á votación a emenda conxunta do BNG e PSOE á totalidade co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (7 BNG e 3 PSOE).

Votos en contra: 7 do PP

Abstencións: 0

A continuación procédese á votación da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 do PP
Votos en contra: 10 (7 BNG e 3 PSOE).
Abstencións: 0

Á vista dos resultados obtidos queda aprobada a emenda presentada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención o Pleno da Corporación adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Eliminar da moción o obxectivo de acadar 20.000 habitantes en 2020 por ser irreal.

Segundo.- Solicitar do PP que se especifiquen con claridade as estratexias básicas para acadar un incremento de poboación en Poio.

4226.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO PSG PSOE, PREACORDO SUBSCRITO POLOS XEFES DO ESTADO E O GOBERNO DA UNIÓN EUROPEA CON TURQUÍA.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, solicitada a retirada deste asunto da orde do día esta queda aprobada polo voto favorable dos membros presentes.

4227.- DAR CONTA DO ACORDO 13777 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22/02/2016. PERSOAL, CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA, SUBVENCIONS OBRADOIROS DE EMPREGO.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 21 de marzo de 2016 e que di textualmente: “ 13777.-PERSOAL, CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, SUBVENCIONS A OBRADOIROS DE EMPREGO.-Dáse conta do expediente tramitado e da proposta de data 18 de febreiro de 2016 do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Urbanismo na que se di o seguinte: “[...] ANTECEDENTES

Con data 30 de decembro de 2015 (DOG nº 248), publicouse a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016- Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Trátase dunha medida que encaixa nas denominadas políticas activas de emprego e que se concibe como un programa mixto de formación e emprego, dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de máis de 18 anos, a través da súa cualificación profesional e a adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

O Concello de Poio leva xa anos poñendo en práctica este tipo de accións en prol do emprego, con sucesivos proxectos formativos como as Escolas Obradoiro “Combarro I,II,III, e IV” (para desempregados/as menores de 25 anos), e os Obradoiros de Emprego Poio I ,Poio II, e Poio III. Todos estes proxectos deron formación a numerosas persoas desempregadas, e así mesmo melloraron a empregabilidade das mesmas, ao tempo que se executaron diversas obras públicas e actuacións medioambientais de gran repercusión a nivel municipal.

Na actualidade e ao abeiro da Orde de subvencións antedita, este Concello valorou a posibilidade de solicitar un novo proxecto de obradoiro de emprego, que se denominaría POIO-CREA 2016 e se desenvolvería previsiblemente a partir de setembro de 2016, seis meses (600 e 550 horas respectivamente por especialidade de formación e execución dos servizos previstos) , co obxecto de desenvolver os seguintes programas formativos e así mesmo os servizos asociados que se resumen a continuación:

A. Deseño de produtos gráficos. Especialidade formativa co código ARGG0110 (1).

O servizo consistiría en:

Cartelería de cursos, xornadas, seminarios e actos de diferente tipo.

Cartelería de acontecementos concretos nas que o peso do deseño gráfico e a creatividade é

maior, tipo Festa de Reis, Entroido, Festa dos Maios, Letras Galegas, Festas de San Xoán, Festa do Mar, Festa da Ameixa, Festas da Merced, actividades lúdicas e de ocio e deporte, culturais, de emprego e promoción económica... e outros.

Dípticos, folletos e guías de programación de actividades culturais, deportivas e de lecer.

Edición e publicación de roteiros.

Edición e publicación de guías turísticas

Dinamización e actualización da páxina web municipal. O servizo de deseño gráfico contribuiría á dinamización desa páxina, incluíndo contidos máis atractivos para os navegantes: dende o apartado turístico ao cultural, cidadanía, deportes, promoción económica...

Mellora da imaxe corporativa da entidade local. Debido tamén á inexistencia deste servizo na entidade, tamén hai unha desorganización en canto á imaxe corporativa do concello, que se traslada en todos os elementos de comunicación, imaxe e promoción. Por iso este servizo podería cubrir aspectos como a homoxeneización das salvapantallas dos equipos informáticos municipais, a realización dos carteis indicativos dos distintos servizos, creación de modelos de fichas informáticas para a recollida de información, colaboración coa unidade concello saudable.

Ver memoria e proxecto formativo que figura no proxecto que se xunta a esta proposta.

Orzamento de materiais, aluguer de equipamentos, licenzas4.500 €.

B. Confección e publicación de páxinas web. Especialidade formativa co código IFCD0110(1).

O servizo consiste na confección e publicación de páxinas web no concello e cubriría a necesidade de realización de dúas páxinas WEB para a Promoción Económica/Emprego, e mesmo para a Variante Espiritual do Camiño Portugués de Santiago ao seu paso por Poio, có obxectivo de converterse, esta última, no elemento de referencia non só no ámbito local ou provincial senón que a nivel internacional.

Nas páxinas, a parte da difusión dos recursos que están dentro da área de Promoción Económica e Emprego, e da posta en valor da Variante Espiritual do Camiño Portugués de Santiago ao seu paso por Poio e o seu entorno físico, natural, difundiranse nesta última outros elementos medio ambientais e patrimoniais do municipio, tales como a Área Arqueolóxica da Caeira, A Casa Museo de Cristobal Colón, o conxunto histórico artístico de Combarro, Praias do Municipio de Poio...

Preténdese referenciar toda a información técnica, audiovisual, fotográfica sobre a variante espiritual do camiño, a Casa de Colón, e os elementos mencionados no párrafo anterior así como outra páxina sinxela sobre eventos, recursos, oportunidades de formación e emprego nunha web de promoción económica e emprego.

Os alumnos a través de dous puntos de partida como son PROMOCIÓN ECONÓMICA /EMPREGO e A VARIANTE ESPIRITUAL DO CAMIÑO PORTUGUÉS DE SANTIAGO AO SEU PASO POR POIO, poderán desenvolver todo o proceso de xerar unha páxina web, así como procedementos complementarios como é a reserva de prazas para as actividades, reservas de datas para acceso de grupos e persoas individuais á Casa Museo de Colón e á Área arqueolóxica da Caeira, concertar visitas guiadas por Combarro, etc... Con este aprendizaxe o alumno estará capacitado para acceder a un mercado laboral con maiores garantías de emprego tanto no ámbito da contratación por conta allea como desempeñar un traballo autónomo.

Ver memoria e proxecto formativo do proxecto que se xunta a esta proposta.

Orzamento de materiais, aluguer de equipamentos, licenzas.....4.500€.

Formaríanse un total de 24 traballadores desempregados (12 alumnos/as por especialidade):

Deseño de produtos gráficos.

Confección e publicación de páxinas web.

Ás anteditas especialidades engádese unha formación complementaria en prevención de riscos laborais, inserción laboral e técnicas de procura de emprego, igualdade e medio ambiente. Ver proxecto formativo.

A financiación para acometer este proxecto procedería das seguintes fontes:

Subvención solicitada á Consellería de Traballo:.....214.962,72€.

(gastos de persoal e de funcionamento e xestión)..... 77.184 €.

(gastos contratación-salarios+ss.ss alumnos-traballadores).....116.581,92 €.

(gastos de funcionamento e xestión).....21.196,8€.

Aportación municipal (custos das obras/servizos A+B+C).....9.000 €.
Outras subvencións.....non outra subvención.
Orzamento total do proxecto do obradoiro de emprego POIO CREA 2016223.962,72€

Prevese que para afrontar a aportación municipal -custos non subvencionables- será preciso adoptar un compromiso de habilitación de crédito polo importe antedito (9.000€).

Por todo anterior, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local desta Corporación:

1. A aprobación do Proxecto de Obradoiro de Emprego POIO- CREA 2016.
2. A aprobación da solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria.
3. A adopción do acordo de compromiso de habilitar o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal.

Asimismo, PROPOÑÓ que se dea conta ao seguinte Pleno Ordinario da Corporación destes acordos.

Poio, 18 de febreiro de 2016

Gregorio L. Agís Gómez

O CONCELEIRO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E URBANISMO

(1) Códigos procedentes do ficheiro de especialidades formativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xunta de Galicia)”.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número legal de membros e en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 29 de xuño de 2015, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de dous de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) acorda prestar aprobación á proposta transcrita no presente acordo nos seus propios termos e así:

Primeiro: Prestar aprobación ao Proxecto de Obradoiro de Emprego POIO- CREA 2016, que se desenvolverá nas instalacións municipais do denominado Centro de Formación A Reiboa.

Segundo: Solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 para levar a cabo o devandito proxecto.

Terceiro: Asumir o compromiso de habilitar o crédito necesario para facer fronte á achega municipal.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Quinto: Dar conta do presente acordo ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que realice.”

Toma a palabra o Sr. Agís Gómez que explica aos asistentes que neste punto da orde do día trátase de ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de solicitude dun obradoiro de emprego denominado “Poio Crea 2016”, de formación en deseño gráfico, neste momento unha área con moita demanda e con inserción laboral.

Supón unha acheda municipal de 9.000 € e esperamos que sexa neste ano cando a Xunta de Galicia tome de novo en consideración ao noso concello e nos conceda a subvención solicitada xa que levamos bastantes anos sen ser beneficiarios, non sabemos o motivo, de feito solicitamos varias reunións cos representantes da Xunta de Galicia para ver a viabilidade do proxecto pero non houbo sorte, consideramos que despois de 6 anos sen axudas este proxecto ten que levarse a cabo.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar o acordo número 13777.adoptado pola Xunta de Goberno Local nos seus propios termos.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

MOCIÓNS URXENTES.- Presentanse as seguintes:

4228.- MOCIÓN EN RELACIÓN AO PREACORDO SUBSCRITO POLOS XEFES DE ESTADO E O GOBERNO DA UE CON TURQUÍA.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do contido da moción consensuada polos tres grupos municipais e que di o seguinte: “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 8 de marzo, as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea alcanzaron un principio de acordo para pór en marcha un programa para deportar a Turquía a todos os inmigrantes -incluídas as persoas sirias demandantes de asilo e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea a través deste país, a cambio de que os Estados da Unión recoloquen a un número equivalente de persoas refuxiadas sirias asentadas xa en Turquía, e doutras medidas económicas e políticas a favor do Estado turco.

Consideramos que, de confirmarse devandito pacto, a Unión Europea non estaría a respectar os convenios internacionais sobre dereito internacional de asilo. Estaríamos a asistir ademais ao proceso de deconstrución da Unión Europea. É inadmisíbel un acordo de intereses con Turquía utilizando os dereitos das persoas refuxiadas emigrantes como moeda de cambio.

Consideramos que as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea, ante a crise máis grave que vive desde a Segunda Guerra Mundial, asinaron un preacordo inmoral e de dubidosa legalidade, que, de confirmarse os termos que transcenderon aos medios de comunicación, contravén claramente o dereito de asilo e múltiples convenios internacionais sobre dereitos humanos.

Amosamos a nosa adhesión ás peticións de organizacións non gobernamentais, e dos activistas a prol dos dereitos humanos na denuncia, rexeitamento e esixencia de retirada do preacordo de Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así como a demanda de que se aborde con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndoos con respecto e solidariedade, e posibilitando o seu o asilo entre os membros da Unión Europea.

O Alto Comisionado da ONU para os Refuxiados (ACNUR) advirte que haberá que vixiar na práctica que se cumpran as garantías dos demandantes e a lexislación internacional sobre asilo.

Por todo o anterior, os grupos municipais do PP, PSOE e BNG propoñemos ao pleno da corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1.- O Pleno do Concello de Poio mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os inmigrantes -incluídas as persoas sirias demandantes de asilo e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.

2.- O Pleno do Concello de Poio esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta ao Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

3.- O Pleno do Concello de Poio sumase ao Manifesto "Pasaxe Segura" subscrito por multitude de organizacións sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e os seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou a moción presentada

adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Poio mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os inmigrantes -incluídas as persoas sirias demandantes de asilo e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.

Segundo.- O Pleno do Concello de Poio esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta ao Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

Terceiro.- O Pleno do Concello de Poio sumase ao Manifesto "Pasaxe Segura" subscrito por multitude de organizacións sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e os seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea.

4229.- MOCIÓN EN RELACIÓN Á CONSTRUCCIÓN DA EDAR DE POIO- Polo Sr. Barreiro Lubián preséntase por motivos de urxencia unha moción coa finalidade de prosperar poder debater e someter a votación para adopción dos acordos que nela se propoñen, facilitando copia da mesma aos distintos membros corporativos presentes na sesión.

Sometida a votación a declaración de urxencia de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a que queda aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP. .

Toma a palabra novamente o Sr, Barreiro Lubián que explica aos asistentes o contido da moción e que di o seguinte: “No ano 1985 aprobouse o Plan sectorial de saneamento da Ría de Pontevedra e nel contemplábase que Poio ía verter as augas residuais de Combarro, San Xoán e San Salvador para a EDAR de Placeres e as das parroquias de Samieira e Raxó para a EDAR de Pampaido.

Froito deste deseño foron as obras do emisario submarino de Raxo e do pre-tratamento de Pampaido, executadas a partir de 1990.

En 2003 aprobouse un novo Plan sectorial de saneamento que no caso de Poio non modifica o aprobado en 1985 e con o mesmo deseño executáanse as obras do Saneamento integral do Concello de Poio.

Este Plan sectorial que aínda está en vigor fala con total nitidez nas páxinas 29, 35, 36, 37, 38, 39 e 48 da depuradora de Raxo, situando a mesma en Pampaido e dando servizo aos concellos de Poio e Sanxenxo.

Con este deseño realizado pola Xunta de Galicia executáronse a totalidade das redes de saneamento municipais que dan servizo ao 95% da poboación de Poio.

Este deseño foi asumido cando menos ata marzo de 2010 tendo en conta a contestación dada á pregunta formulada polo BNG no Parlamento Galego.

En novembro de 2013, noutra pregunta formulada no Parlamento, o proxecto redactado en 2010 xa non era válido e anúnciase que se carece de terreos para construír a EDAR. Ninguén da explicacións sobre os motivos que din ser de carácter técnico, sen embargo, o proxecto redactado estaba perfectamente deseñado, e dado que ía practicamente enterrado, carecía de impacto. Ninguén o dixo, pero non sería desacertado pensar que os promotores dos chans urbanizables de Sanxenxo situados entre Pampaido e Areas, tiveron moito que ver nos problemas técnicos do proxecto.

En calquera caso, a Xunta de Galicia como alternativa a este deseño planificado décadas antes por eles mesmos, sen planificación de ningún tipo e obviando o Plan sectorial de saneamento,

busca unha nova ubicación no Laño, a pesar das advertencias do Concello de Poio de que unha instalación preto da praia ía contar coa oposición veciñal. De nada valeron estas advertencias ata que en xullo de 2012, o Pleno do Concello de Poio rexeitou por unanimidade esta ubicación. Neste mesmo acordo, solicitábase de Augas de Galicia que se estudaran outras alternativas para situar a EDAR dado que o Plan sectorial de saneamento parecía non ter validez e as infraestruturas de saneamento en funcionamento podían verse afectadas polo novo emprazamento, sen ter en conta os custes de execución da obra ou de mantemento da EDAR.

Dende 2012 despois de varias reunións que non serviron para concretar nada, en outubro de 2015 anunciase polo Consellería a licitación dun novo Plan de saneamento da ría de Pontevedra. A día de hoxe, descoñecemos cales son os resultados dos estudos realizados, se van a cambiar o actual deseño do saneamento en Poio ou de cal vai ser o novo.

Mentres tanto, o sector marisqueiro, pesqueiro e bateeiro sofre as consecuencias da falla de depuración das augas residuais da Ría de Pontevedra. Este problema non so afecta ao residuos dos 2,000 habitantes de Raxo e Samieira e a Granxa en Sanxenxo, senón que a falla de depuración da Depuradora de Placeres, provoca que os residuos de máis de 100,000 habitantes se emitan á Ría sen tratar. En calquera caso, sen contar co sistema de depuración terciario para a eliminación de coliformes.

Se vemos a cronoloxía dos anuncios realizados nos últimos 30 anos en relación coa EDAR de Pampaido, parecen realizados coa intención de atrasar a súa execución. Sempre se anuncia a execución das obras para a continuación topar cun problema que atrasa cinco anos unha nova solución a que enseguida lle xorde outro problema.

Sen que o Concello de Poio queira evitar a súa responsabilidade neste problema, quere por de manifesto que a “EDAR de Raxo (Sanxenxo y Poio)”, está recollida no “Protocolo general entre el Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino y la Xunta de Galicia, po el que se fija marco general de colaboración en el ámbito del saneamiento y la depuración” asinado o 2 de febreiro de 2009.

Asemade, a EDAR de Pampaido por tratarse dunha infraestrutura que afecta a dous concellos, deberíase tratar como un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal co cal se evitaría unha tramitación moito máis longa por carecer o PXOM do chan de equipamento debidamente cualificado.

En calquera caso a disposición dos terreos para a construción da EDAR que o PP de Poio nos solicita deberían adecuarse as restricións que a Xunta de Galicia considere como insalvables para poder considerarse como validos para o fin a que deben destinarse. Tendo en conta a orografía do Concello de Poio e súa disposición na Ría de Pontevedra, sería adecuado que nos indicaran a altitude máxima que sobre o nivel do mar se podería situar a EDAR. Asemade, tendo en conta que a EDAR deberá dotarse dun emisario submarino que saque fora dos polígonos marisqueiros os residuos tratados, sería prudente saber en que zonas de Poio sería inasumible este emprazamento.

Por todo o exposto,

Propónse ao Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

1.- Instar a Augas de Galicia a que nos faciliten as restricións que debamos ter en conta para un novo emprazamento da EDAR en Poio distinto do recollido no Plan sectorial de saneamento da ría de Pontevedra nos termos expresados na exposición de motivos.

2.- Solicitar de Augas de Galicia que se determine en base aos estudos que se están levando a cabo para redactar un novo Plan sectorial de saneamento a viabilidade económica de alternativas a unha EDAR situada en Poio.”

A Sra. Besada Lores di que no ano 2009 había un proxecto moi importante para a instalación da depuradora en Pampaido, cun coste elevado, de feito esta ubicación pode comprobarse na páxina web do Concello.

Resulta, canto menos preocupante, que ás demandas formuladas polos distintos sectores de Poio (Pesca, Marisqueo, mexilloeiro e turismo) á responsable da Consellería de Pesca responda cun descoñecemento da contaminación da ría. Non sei se este descoñecemento é xeneralizado xa que en

Galicia existen varias rías contaminadas.

Destacar que Marín tampouco ten depuradora, non soamente é Poio como manifesta o Partido Popular.

Débense tomar decisións serias e determinantes, porque se recibiu moito financiamento a través dos Fondos Europeos e os gobernantes son os que teñen que adoptar medidas e non votar balóns fora ou votar a culpa aos concellos.

Consideramos preocupante a falta de seriedade, rigor e as distintas contradicións mostradas polo Grupo Popular, deben apoiar esta moción e solicitar que nos tomen en serio.

O Sr. Moldes Martínez di que lle parece ben as palabras da Voceira do Grupo Municipal Socialista, pero consideramos que a Depuradora de Poio ten que instalarse en Poio.

En primeiro lugar, dicir que a responsable da Consellería, puntualizou que non lle correspondía a súa area a temática, non que o descoñecera.

Pampaido parécenos unha boa ubicación pero hai que ter reunións con Sanxenxo, pero somos coñecedores que os propios gobernantes de Sanxenxo non vos queren recibir porque non queren a depuradora de Poio no seu termo municipal.

Consideramos que se hai un culpable de que a Depuradora non estea en Sanxenxo ese é o Partido Socialista.

O Sr. Agís Gómez manifesta que por competencias non sería con Sanxenxo con quen se tería que falar para facer a depuradora senón coa Xunta de Galicia, porque son eles quen a ten que facer, nin Poio nin Sanxenxo.

Pero a realidade é moi distinta, neste caso hai varias cuestións de peso que fan que a ubicación proposta polo Sr. Fraga nos anos 90 xunto co proxecto, investimento, ubicación e protocolo do Bipartito non se leve a cabo. A realidade é que se debe a cuestións urbanísticas, xa que nese entorno hai proxectadas 2000 vivendas de grandes inmobiliarias nacionais que fai que a ubicación se teña que cambiar.

Nos pedimos que a depuradora sexa unha realidade, a pesar de que a contaminación da ría non soamente se debe a Poio, parece que nos temos toda a culpa, pero a realidade é moi distinta.

Queremos que se impulse este proxecto e pedimos unha reunión coa Presidencia da Xunta de Galicia.

Para rematar o deliberación toma a palabra o Sr. Alcalde que manifesta que non se pode obviar o problema e que cada un debe asumir as decisións tomadas; foi o propio PP quen no ano 85 propuxo este sistema de depuración que agora e que a realidade e que son os propios veciños de Poio os que están asumindo o mantemento do colector común, xa que cando hai algun problema somos nos, o Concello de Poio, que ten que asumir o gasto.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar a Augas de Galicia a que nos faciliten as restricións que debamos ter en conta para un novo emprazamento da EDAR en Poio distinto do recollido no Plan sectorial de saneamento da ría de Pontevedra nos termos expresados na exposición de motivos.

Segundo.- Solicitar de Augas de Galicia que se determine en base aos estudos que se están levando a cabo para redactar un novo Plan sectorial de saneamento a viabilidade económica de alternativas a unha EDAR situada en Poio.

ROGOS E PREGUNTAS.-O Sr. Muiños Balea pregunta ao Sr. Alcalde que medidas de seguridade vial se tomaron por parte do Concello en en relación á problemática de Chancelas, á altura da Canteira.

O Sr. Alcalde contesta que hai 15 días, aproximadamente se mantivo unha reunión cos responsables de estradas a que asistiron os técnicos. A nosa intención era a instalación de semáforo de pulsar, opción menos costosa.

Unha primeira opción que agora negan era a instalación dunha beirarrúa e sinais.

A segunda opción era a instalación de semáforo con preaviso e paso de cebra (que ten maior coste).

Existen varios presupostos que ascenden a un importe de 25.000 €, que están pendentes de aprobación e de execución.

De todos os xeitos queremos manifestar, unha vez máis, a postura discriminatoria da Xunta con este Concello, xa que estas obras sempre foron executadas pola propia Consellería.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e cincuenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.